

## O 'I Concurso de poesía "Seraogna": a escola sen acoso' xa ten gañadoras

Con motivo do aniversario dos 50 anos da publicación de *Seraogna*, o IES do Barral de Ponteareas (O Condado) este galardón.

Redacción

6 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/i-concurso-poesia-seraogna-escola-acoso-xa-ten-ganadoras/20260506115558255525.html>

Con motivo do aniversario dos 50 anos da publicación de *Seraogna*, obra senlleira da literatura galega e cuxo autor é o poeta ponteareán **Alfonso Pexegueiro**, o IES do Barral de **Ponteareas** (O Condado) convocou o **I Concurso de poesía "Seraogna": a escola sen acoso**. Un certame poético dirixido a toda a comunidade educativa da [Galiza](#)

O xurado, composto por persoas de recoñecido prestixio no eido cultural, vén de dar a coñecer a súa decisión. Neste senso, na modalidade A, na que podían participar alumnado de entre seis e doce anos, o poema gañador foi *Vivo no silencio* de **Arwen Fernández García** de Nigrán (comarca de Vigo). O segundo posto foi para **Sofía Garea Broullón** do Colexio Divino Salvador de Vigo, seguida do poema *Dende ben pequena* de **Catalina Meijueiro Miragaya** do CEIP Feliciano Barrera de Ponteareas.

Na modalidade B, entre 13 e 18 anos, o galardón foi para **Adara Soto Vidal** do IES Rosalía de Castro de Santiago, polo poema *Afogar o silencio*. Pola súa parte, o segundo e terceiro premio foron obtidos por **Xulia Cuevas Rodríguez** e **Cristina Vicho de la Fuente**, respectivamente.

Por último, na modalidade para persoas de máis de 19 anos, o primeiro premio recaeu no poema *Artesa de voz* de **M<sup>a</sup>. Soledad García Riveiro**. Mentres que a prata e o bronce foron para **Iván Márquez Carballo** e **Francisco Javier Sánchez González**, respectivamente. A entrega de premios terá lugar no IES do Barral o vindeiro 29 de maio ás 12 h.